

Xoves, 21 de agosto de 2025

Núm. 157

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VILAGARCÍA DE AROUSA

##### Subvencións e axudas

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS POR CONTA ALLEA 2025*

*EXTRACTO DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS POR CONTA ALLEA CONCELLO DE VILAGARCIA 2025*

##### OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións no exercicio 2025, para o fomento e mantemento do emprego por conta allea, de:

- Persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no SPEG, empadroadas no municipio de Vilagarcía na data de presentación da solicitude, contratadas a tempo completo mediante contratos indefinidos formalizados entre o 1 de outubro de 2024 e 30 de setembro de 2025.

A XGL poderá acordar o outorgamento da subvención para contratacións a tempo parcial no caso de que, pola natureza da actividade da empresa, a xornada de traballo sexa inferior á legalmente establecida para ser considerada “a tempo completo”.

Poderán ser obxecto de subvención un máximo de dúas contratacións por empresa.

##### BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado radicadas nas comarcas do Salnés e Caldas, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores e traballadoras desempregados nos termos indicados na Base Primeira, nas que non concorran, en xeral, as circunstancias excluíntes sinaladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

##### CONTÍA

O importe das axudas será dun mínimo de 800 euros e un máximo de 3.000 por cada contratación, en función da puntuación obtida en aplicación do baremo de puntuación. Poderán ser obxecto de subvención un máximo de dúas contratacións por empresa.



Xoves, 21 de agosto de 2025

Núm. 157

### *GASTOS SUBVENCIONABLES*

Poderán ser obxecto de subvención, os contratos laborais indefinidos, que teñen por finalidade elevar o nivel do emprego estable e de calidade, fomentando a creación de postos de traballo ligados por contratos de natureza indefinida.

### *FORMA DE PRESENTACIÓN*

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 e 3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de axuda reguladas na presente convocatoria serán presentadas de maneira telemática a través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía a través do formulario de solicitude 50002 e anexos normalizados que estarán dispoñibles na ligazón seguinte ([sede.vilagarcia.gal/catálogo de procedementos/desenvolvo local/50002](http://sede.vilagarcia.gal/catálogo-de-procedementos/desenvolvo-local/50002))

### *FINANCIAMENTO*

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á partida orzamentaria 241-470 "Fomento de empresas – subvenciones para o fomento do emprego" do orzamento municipal vixente, cun importe total de 60.000 €

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, despois de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

### *PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

As solicitudes poderán presentarse a partir do día seguinte da publicación do presente extracto no BOPPO

O Alcalde – Presidente  
Alberto Varela Paz

